

CARACTERÍSTICAS DO PARO REXISTRADO NA COMARCA TERRA DE SONEIRA. Ano 2008


Este estudo elabórase en base ós datos aparecidos na páxina web do Instituto Galego das Cualificacións, dependente da Xunta de Galicia, tendo en conta distintos indicadores do mercado laboral que fan referencia tanto ó paro rexistrado como ás contratacións realizadas na comarca.

O desemprego rexistrado na Comarca de Terra de Soneira no ano 2008 foi do **2.01 % do desemprego rexistrado na provincia.**

Atendendo á demanda de emprego por concellos, inscritos en decembro do 2008, Vimianzo conta cun 39.62 % dos inscritos na comarca, Camariñas cun 37.80 % e Zas cun 22.58 %

2.1.1 O desemprego comarcal segundo a idade e o sexo

O paro da comarca segue a mesma tendencia todo o ano en ambos sexos, diminúe no segundo e terceiro trimestre para aumentar no derradeiro trimestre do ano.



O desemprego afecta máis ás mulleres, acadando unha media porcentual do 58.36 % fronte ó 41.64 % de desemprego masculino, producíndose a máxima diferenza porcentual no terceiro trimestre do ano. A media trimestral delas foi de

782 paradas, maior número que a media trimestral do ano anterior (756). Os homes desempregados presentan unha media de 558, superior tamén ós 465 de media trimestral do ano anterior.


Cadro nº1: **DESEMPREGADOS POR SEXO**

2008	Homes	Mulleres	TOTAL	PROVINCIA
Primeiro	552	778	1330	64958
Segundo	509	774	1283	62293
Terceiro	497	765	1262	63983
Cuarto	673	811	1484	75767

Cadro nº 2: **DESEMPREGO POR GRUPOS DE IDADE**

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	108	281	308	316	317	1330
SEGUNDO	104	274	292	284	329	1283
TERCEIRO	98	280	272	305	307	1262
CUARTO	124	353	325	357	325	1484

Se facemos tres grandes grupos de idade observamos que o maior porcentaxe de desempregados se sitúa no grupo de maiores de 45 anos cunha media do 47.39 %. Os parados de entre 25 – 44 anos teñen tamén unha presenza moi significativa, cun 44.48 % de media do paro rexistrado. Por outra banda, os menores de vinte e cinco anos acadaron de media un 8.13 % do desemprego comarcal.




Cadro nº3: **DESEMPREGO FEMININO POR GRUPOS DE IDADE**

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	57	189	210	187	135	778
SEGUNDO	62	191	201	175	145	774
TERCEIRO	53	190	188	194	140	765
CUARTO	61	209	201	196	144	811

Cadro nº 4: **DESEMPREGO MASCULINO POR GRUPOS DE IDADE**


	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	51	92	98	129	182	552
SEGUNDO	42	83	91	109	184	509
TERCEIRO	45	90	84	111	167	497
CUARTO	63	144	124	161	181	673



O **paro feminino** caracterízase por ser superior ó paro masculino en tódolos grupos de idade agás entre os maiores de 54 anos no que os homes desempregados superan ás mulleres. Isto probablemente sexa debido a que a poboación activa é moi

superior en homes respecto das mulleres que buscan traballo nesta franxa de idade. A franxa na que se sitúan a maioría das mulleres desempregadas sería no grupo de 25 - 44 anos.

Os maiores porcentaxes de **homes** desempregados sitúanse nos maiores de 55 anos, seguido do grupo de 45 - 54 anos. Os períodos de descenso do paro afectan especialmente ó grupo de 35 - 44 anos. Hai que salientar que o maior descenso de



desempregados durante os meses de verán se produce entre o grupo de 35 - 44 anos e o de maiores de 45 anos, mentres que no ano anterior este descenso correspondía ós menores de 25 anos.


2.1.2. O nivel de instrución e desemprego

O nivel de instrución dos demandantes de emprego é moi baixo. Atopamos unha media dun 61.27 % de desempregados que non teñen rematada a ensinanza obrigatoria. Un 26.12 % só teñen a ensinanza obrigatoria e soamente un 1.94 % de demandantes de emprego posúen titulación universitaria. A situación en relación coa provincia é claramente desvantaxosa para a Terra de Soneira.

Cadro nº5: DESEMPREGO POR NIVEL DE INSTRUCCIÓN

	PRIMEIRO	SEGUNDO	TERCEIRO	CUARTO
UNIVERSITARIOS	26	29	22	28
BUP/BACHAREL SUPERIOR/COU	30	33	35	33
FORMACIÓN PROFESIONAL	116	91	102	131
ENSINANZA OBRIGATORIA	322	321	347	411
ATA CERTIFICADO ESCOLARIDADE *	836	809	756	881
TOTAL	1330	1283	1262	1484

* Inclúe certificado de escolaridade, estudos primarios sen certificado e sen estudos.




2.1.3.- O desemprego por sectores económicos


Cadro nº6: DESEMPREGO POR SECTORES ECONÓMICOS

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL
SECTOR PRIMARIO	25	71	96	23	61	84	19	40	59	22	58	80
Agricultura e pesca	25	71	96	23	61	84	19	40	59	22	58	80
SECTOR SECUNDARIO	196	43	239	199	52	251	212	51	263	229	68	297
Industria	194	42	236	197	50	247	210	49	259	227	65	292
Electricidade	2	1	3	2	2	4	2	2	4	2	3	5
SECTOR CONSTRUCCIÓN	41	274	315	44	237	281	41	248	289	44	355	399
Construcción	41	274	315	44	237	281	41	248	289	44	355	399
SECTOR SERVICIOS	345	133	478	343	137	480	339	133	472	360	150	510
Comercio e hostalería	154	36	190	152	41	193	150	45	195	157	53	210
Transporte e comunicacións	4	23	27	5	22	27	4	22	26	4	17	21
Outros servizos	187	74	261	186	74	260	185	66	251	199	80	279
SEN EMPREGO ANTERIOR	171	31	202	165	22	187	154	25	179	156	42	198
CON EMPREGO ANTERIOR	607	521	1128	609	487	1096	611	472	1083	655	631	1286
Total	778	552	1330	774	509	1283	765	497	1262	811	673	1484


Máis do 85 % dos desempregados da Terra de Soneira son traballadores con experiencia profesional e, polo tanto, menos dun 15 % é demandante de primeiro emprego. Respecto do mesmo período no ano anterior reduciuse nun punto porcentual os demandantes de primeiro emprego. Esta tendencia de redución dos demandantes de primeiro emprego vese claramente no segundo e terceiro trimestre do ano para aumentar de novo no derradeiro trimestre do ano. No grupo de desempregados con emprego anterior obsérvase a mesma tendencia de diminución nos desempregados no segundo e terceiro trimestre do ano para volver incrementarse no cuarto trimestre.



Os sectores con maior cantidade de desempregados son a construción, industria, outros servizos e comercio / hostalería, seguindo as mesmas pautas do ano anterior. Atendendo á evolución por trimestres, observamos a tendencia xeral de diminución no número de parados no segundo e terceiro trimestres do ano, para volver a aumentar de novo no cuarto trimestre aínda que existen distintos comportamentos no número de desempregados segundo os sectores que avaliemos.




Nos distintos sectores se producen aumentos ou descensos significativos no segundo terceiro e cuarto trimestre sobre todo na agricultura – pesca e na construción. Ó remate do verán danse os peores resultados de desemprego na maioría dos sectores, agás no sector da electricidade e no de transporte / comunicacións. No cuarto trimestre aumentan o número de desempregados superando os niveis de desemprego do primeiro trimestre.



2.1.4.- A contratación na comarca por sectores económicos

Cadro nº 7: CONTRATACIÓN POR TRIMESTRE E SECTOR ECONÓMICO

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total
SECTOR PRIMARIO	15	52	67	10	86	96	11	55	66	5	32	37
Agricultura e Pesca	15	52	67	10	86	96	11	55	66	5	32	37
SECTOR SECUNDARIO	79	40	119	66	49	115	73	45	118	43	22	65
Industria	79	40	119	66	49	115	73	45	118	43	22	65
Electricidade	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
SECTOR CONSTRUCCIÓN	2	127	129	5	164	169	6	174	180	0	111	111
Construcción	2	127	129	5	164	169	6	174	180	0	111	111
SECTOR SERVICIOS	279	88	367	197	124	321	238	176	414	236	91	327
Comercio e hostalería	191	44	235	91	44	135	82	52	134	136	27	163
Transporte e comunicacións	11	8	19	2	4	6	29	17	46	5	6	11
Outros Servizos	77	36	113	104	76	180	127	107	234	95	58	153
TOTAL	375	307	682	278	423	701	328	450	778	284	256	540




No gráfico da evolución da contratación por sectores económicos obsérvase que a contratación aumenta no segundo trimestre nos sectores de agricultura – pesca, construción e outros servizos. No terceiro trimestre (época de verán) aumenta na industria,

construción, transporte / comunicacións e outros servizos respecto ó trimestre anterior. No cuarto trimestre prodúcese unha regresión no número de contratacións en tódolos sectores agás no de comercio / hostalería.


Na contratación que se efectúa na comarca destaca o seu carácter maioritariamente masculino, máis dun 53 %, aínda que cómpre salientar que este porcentaxe se reduciu en 4 puntos con respecto ó ano anterior. Os sectores máis masculinizados son a construción e agricultura / pesca. O maior porcentaxe de contratos no caso das mulleres dáse nos sectores da industria, comercio/hostalería e outros servizos.

Se avaliamos a contratación por trimestres vemos que no primeiro e no cuarto trimestre as fémias se incorporan ó mercado de traballo en maior número que os homes pero a diferenza porcentual non é significativa. No segundo e no terceiro trimestre do ano as contratacións masculinas superan amplamente as contratacións femininas.


2.1.5.- Evolución da contratación




No primeiro trimestre son sectores fortemente masculinizados a agricultura/pesca e a construción. A maioría da contratación feminina prodúcese no comercio / hostalería, noutros servizos e na industria.



Como se pode observar, neste segundo trimestre é onde o porcentaxe de contratación feminina é o máis baixo respecto da contratación masculina. Tanto homes coma mulleres son contratados en tódolos sectores, aínda que con respecto ó trimestre anterior se produce un aumento significativo na contratación de homes no sector da industria.



No terceiro trimestre continúa a tendencia do trimestre anterior dun menor número de contratacións femininas fronte ás masculinas. O máis salientable é que se supera o número de contratos nas mulleres no sector transporte / comunicacións, un sector normalmente masculinizado. Os sectores de industria, comercio / hostalería e outros servizos son os que acadan mellores cifras de feminización neste terceiro trimestre.



No cuarto trimestre observamos o maior número de contratos das mulleres respecto dos homes. As contratacións femininas destacan sobre todo nos sectores da industria, comercio / hostalería e outros servizos ó igual que no trimestre anterior.

2.1.6.- As ocupacións máis contratadas e demandadas.

Cadro nº 8: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NA COMARCA MULLERES

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
PEÓN DE INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	95	33	17	48
XASTRES, MODISTOS E SOMBREIREIROS	49	18	38	25
MATACHÍNS E TRABALLADORES DAS INDUSTRIAS CÁRNICAS E DO PEIXE	29	16	10	
DEPENDENTES E EXHIBIDORES EN TENDAS, ALMACÉNS...	27	24	23	31
CAMAREIROS, BARMANS E ASIMILADOS	15	24	16	24
PERSOAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS, CAMAREIRAS DE PISO...	12	12	20	13
OPERADORES DE MÁQUINAS PARA BRANQUEAR, TINGUIR E LIMPAR	10			
TRABALLADORES CUALIFICADOS POR CONTA ALLEA EN HORTAS...	9			9
OUTROS DIVERSOS TRABALLADORES DE SERVIZOS PERSOAIS	8			
PEÓNS FORESTAIS	8		22	
OPERADORES DE MÁQUINAS DE COSER E BORDAR		19	11	
COCIÑEIROS E OUTROS PREPARADORES DE COMIDAS		18		10
ANIMADORES COMUNITARIOS		9		
COMPOSITORES. MÚSICOS E CANTANTES		8	11	
EMPREGADOS PARA O COIDADADO DE NENOS			22	
ALBANEIS E CANTEIROS				13
CAIXEIROS, VENDEDORES DE BILLETES (EXCEP. BANCOS E CORREOS)				9
OUTROS DIVERSOS PROFESIONAIS DO ENSINO				8

No caso das mulleres, entre as ocupacións máis contratadas atopamos tres grupos:

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres ou en tres polo menos: peón de industrias manufactureiras; xastres, modistos e sombreireiros; matachín se traballadores das industrias cárnica se do peixe; dependentes e exhibidores en tendas; camareiros, barmans e asimilados; persoal de limpeza de oficinas, hoteis, camareiras de piso domiciliarios. Estas ocupacións constitúen o 27.78 % das ocupacións analizadas.
2. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: operadores de máquinas para branquear, tinguir e limpar; outros diversos traballadores de servizos persoais; animadores comunitarios; empregados para o coidado de nenos; albaneis e canteiros; caixeiros, vendedores de billetes; outros diversos profesionais do ensino.

3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: traballadores cualificados por conta allea en hortas; peóns forestais; operadores de máquinas de coser e bordar; cociñeiros e outros preparadores de comidas; compositores, músicos e cantantes.

Cadro nº 8: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NA COMARCA HOMES

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
ALBANEIS E CANTEIROS	40	45	52	33
PESCADOR POR CONTA ALLEA DE ALTURA	28	56	36	20
TRABALLADORES EN FORMIGÓN ARMADO, ENFUSCADORES...	19	31		18
PEÓNS DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	16	27	17	12
CONDUTORES DE CAMIÓN	14	15		10
CARPINTEIROS (AGÁS ESTRUTURAS METÁLICAS)	13	15	33	
PARQUETEIROS, SOLADORES E ASIMILADOS	13	10	17	18
CONDUTORES DE MAQUINARIA DE MOVEMENTOS DE TERRAS E EQUIPOS	11			
REVOCADORES, ESCAIOLISTAS E ESTUQUISTAS	10			
PEÓNS FORESTAIS	10			
COMPOSITORES. MÚSICOS E CANTANTES		32	57	21
CORTADORES, TRONZADORES E OUTROS TRABALLADORES FORESTAIS		12	18	
PINTORES, VERNIZADORES, EMPAPELADORES E ASIMILADOS		10		
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS			16	11
FONTANEIROS E INSTALADORES DE TUBOS			15	
CONDUTORES DE AUTOBUSES			15	
INSTALADORES DE MATERIAL ILLANTE TÉRMICO E DE INSONORIZACIÓN				10
CAMAREIROS, BARMANS E ASIMILADOS				7

En canto ós homes, nas ocupacións máis contratadas atopamos 4 grupos. pero só coinciden cinco ocupacións coas máis contratadas entre as mulleres polo que apreciamos claramente a segregación horizontal das ocupacións e contratacións por sexo.

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres: albaneis e canteiros; pescador por conta allea de altura; peóns da construción de edificios; parqueteiros, soladores e asimilados. Estas ocupacións constitúen o 22.22 % das ocupacións analizadas.
2. Ocupacións que se manteñen durante tres trimestres do ano: traballadores en formigón armado, enfuscadores; carpinteiros (agás estruturas metálicas); compositores, músicos e cantantes.

- Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: condutores de maquinaria de movementos de terras e equipos; revocadores, escaiolistas e estuquistas; peóns forestais; pintores, vernizadores, lacadores e asimilados; fontaneiros e instaladores de tubos; condutores de autobuses; instaladores de material illante térmico e de insonorización; camareiros, barmans e asimilados.
- Ocupacións que destacan nun par de trimestres: condutores de camiós; cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais; peóns das industrias manufactureiras.


Á vista dos anteriores resultados podemos concluír que as ocupacións e sectores nos que se producen o maior número de contratacións adoitan ser bastante estables ó longo do ano. Entre as 10 ocupacións nas que se produce un maior número de contratos en cada trimestre, que ó final do ano da lugar a 18 ocupacións por cada sexo, só coinciden homes e mulleres en cinco, o que reflicte a segregación horizontal por sexos xa apuntada. Estas ocupacións serían: peóns de industrias manufactureiras; camareiros, barmans e asimilados; peóns forestais; compositores, músicos e cantantes; albaneis e canteiros.


Cadro nº 9: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. MULLERES.

	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
Persoal de limpeza ou limpador, en xeral	377	394	388	406
Dependente de comercio, en xeral	160	155	154	173
Asistente domiciliario	121	116	119	131
Pinche de cociña	101	91	93	99
Peón forestal	98	123	113	135
Mozo de recollida de lixo – varredor	91	114	108	118
Peón de obras públicas, en xeral	81	101	91	101
Empregado administrativo, en xeral	80	63	67	79
Op. máquina ind. coser á plana	80	81	89	90
Caixeiro de comercio	61	61	64	
Operador de máq. de pasar o ferro de conf.				75

Cadro nº 9: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. HOMES.


	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
Peón da construción de edificios	145	128	129	182
Albanel	138	121	136	207
Peón de obras públicas, en xeral	72	79	66	90
Persoal de limpeza ou limpador, en xeral	59	66	57	66
Peón forestal	54	63	54	85
Encofrador	52	47	50	75
Mariñeiro de buque de pesca	44	45		
Condutor de camión, en xeral	41	35	37	52
Condutor de furgoneta de ata 3.5 T	31			
Mozo de recollida de lixo - varredor	28	36	36	46
Traballador forestal, en xeral		27		
Xardineiro, en xeral			27	
Carpinteiro, en xeral			23	35
Peón da industria manufactureira				32





Cadro nº 8: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS E DEMANDADAS NA COMARCA

	CONTRATOS			DEMANDAS		
	MULLERES	HOMES	TOTAL	MULLERES	HOMES	TOTAL
PEÓN INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	193	27	220		32	32
OCUPAC. RELACIONADAS CO SECTOR TÉXTIL	160		160	415		415
OCUPAC. AGROALIMENTARIAS	55		55			
OCUPAC. RELACIONADAS CO COMERCIO	114		114	828		828
OCUPAC. RELACIONADAS COA RESTAURACION	107	7	114	384		384
OCUPAC. RELACIONADAS COA LIMPEZA	57		57	1565	248	1813
OP. MÁQ. PARA BRANQUEAR, TINGUIR...	10		10			
OCUPAC. AGROFORESTAIS E DE XARDINERÍA	48	40	88	469	310	779
SERVIZOS A PERSOAS DEPENDENTES	30		30	487		487
OCIO E TEMPO DE LECER	28	110	138			
CONSTRUC. EDIFICIOS E OBRAS PÚBLICAS	13	321	334	374	1717	2091
OUTRAS OCUPAC.DA CONSTRUCCIÓN RELACIONADAS CO ACABADO DE EDIFICIOS		164	164		58	58
PROFESIONAIS DO ENSINO	8		8			
MARIÑEIRO DE PESCA		140	140		89	89
TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS		54	54		196	196
MOZO DE RECOLLIDA DE LIXO – VARREDOR				431	146	577
EMPREGADO ADMINISTRATIVO, EN XERAL				289		289



Para poder comparar mellor as ocupacións máis contratadas e demandadas agrupámolas por CNO (código nacional de ocupación) similares, dentro do mesmo sector cos seguintes criterios:

- Peón industrias manufactureiras: Non se agrupa con ningunha outra ocupación porque falta información sobre o sector concreto de ocupación e podería ser tanto do sector téxtil como do conserveiro, entre outros.
- Ocupacións relacionadas co sector téxtil: Inclúe xastres, modistos e sombreireiros; operadores de máquinas de coser e bordar; operario de máquina industrial de coser á plana; operador de máquinas de pasar o ferro de confección industrial.
- Ocupacións agroalimentarias: matachíns e traballadores das industrias cárnicas e do peixe.
- Ocupacións relacionadas co comercio: dependentes e exhibidores en tendas, almacéns...; caixeiros, vendedores de billetes (excepto bancos e correos); caixeiro de comercio.
- Ocupacións relacionadas coa restauración: camareiros, barmans e asimilados; cociñeiros e outros preparadores de comidas; pinche de cociña.

- Ocupacións relacionadas coa limpeza: persoal de limpeza de oficinas, hoteis, camareiras de piso...; persoal de limpeza ou limpador, en xeral.
- Operadores de máquinas para branquear, tinguir e limpar. Cómpre salientar que este epígrafe non o incluímos entre as ocupacións da industria téxtil porque, aínda que nun principio pode parecer que ese sería o grupo de referencia, dado o coñecemento que temos das empresas da zona consideramos que corresponde coas contratacións dunha empresa de coiro e especialidade en selas de montar que se atopa no concello de Vimianzo.
- Ocupacións agroforestais e de xardinería: traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns; peóns forestais; cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais; traballador forestal en xeral; xardineiro en xeral.
- Servizos a persoas dependentes: outros diversos traballadores de servizos persoais; empregados para o coidado de nenos; asistente domiciliario.
- Ocio e tempo de lecer: animadores comunitarios; compositores, músicos e cantantes.
- Construción de edificios e obras públicas: albaneis e canteiros; traballadores en formigón armado, enfusadores, ferrallistas e asimilados; peóns da construción de edificios; peón de obras públicas, en xeral; condutores de maquinaria de movementos de terras e equipos; encofrador.
- Outras ocupacións da construción relacionadas co acabado de edificios: carpinteiros (agás estruturas metálicas); parqueteiros, soladores e asimilados; revocadores, escaiolistas e estuquistas; pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados; fontaneiros e instaladores de tubos; instaladores de material illante térmico e de insonorización.
- Profesionais do ensino: outros diversos profesionais do ensino.
- Mariñeiro de pesca: pescador por conta allea de altura; mariñeiro de buque de pesca.
- Transporte e comunicacións: condutores de camións; condutores de autobuses; condutor de camión, en xeral; condutor de furgoneta de ata 3.5 T.
- Mozo de recollida de lixo – varredor.
- Empregado administrativo, en xeral.

Se realizamos a comparación entres as ocupacións máis contratadas e demandadas agrupadas por CNO segundo os criterios anteriormente sinalados, podemos concluí-lo seguinte:

1.- Na gran maioría das ocupacións estudadas atopamos un número de demandas superior ó número de contratacións. Estaríamos, polo tanto, ante postos de traballo que se ocupan no mercado laboral aínda que na maioría dos casos a demanda está bastante descompensada xa que se producen moitas máis demandas que contratacións.

2.- Un segundo grupo serían as ocupacións contratadas que non aparecen entre as máis demandadas, isto sucede con 4 das estudadas: ocupacións agroalimentarias; operadores de máquinas para branquear, tinguir e limpar; ocio e tempo de lecer; profesionais do ensino.

3.- No caso das ocupacións de peón de industrias manufactureiras; outras ocupacións da construción relacionadas co acabado de edificios; mariñeiro de pesca; aínda que aparecen entre as primeiras tanto en número de contratos como en demandas, a contratación supera a demanda polo que quedarían prazas vacantes.

4.- Ocupacións moi demandadas que non aparecen entre as máis contratadas: mozo de recollida de lixo – varredor; empregado administrativo, en xeral. Neste apartado cómpre salientar que a ocupación mozo de recollida de lixo – varredor é unha das máis demandadas porque é un dos códigos que o Concello de Camariñas utiliza para as súas ofertas de limpeza de praias, rúas e mantemento de vías e obras polo que tódalas persoas que queren realizar este tipo de traballos no concello solicitan a dita ocupación aínda que despois non aparece reflectida nos contratos porque se especifican ocupacións como persoal de limpeza de praias, operario de servizos múltiples, peón de obras públicas...

Ata o ano pasado tanto as contratacións como as demandas se caracterizaban por reflectir a segregación horizontal por sexo en sectores e ocupacións. Este ano continúa a tendencia do ano pasado, no que se conseguira que aumentaran o número de demandas por parte das mulleres en ocupacións masculinizadas. Así destacamos as ocupacións agroforestais e de xardinería; construción de edificios e obras públicas; mozo de recollida de lixo – varredor. Cómpre salientar que este aumento da demanda vén favorecido pola intervención da administración xa que eses códigos soen empregarse para as contratacións dos concellos de limpeza de praias, mellora en espazos e vías e contratacións por parte de SEAGA para a campaña de incendios.

Á vista dos resultados anteriores cómpre intervir e orientar cara a demanda en varias ocupacións respecto da contratación xa que vemos postos que non se cobren coa demanda existente. No caso dalgunha ocupación pode ser un problema de elección na codificación porque ó existir tantas ocupacións similares ás veces non se solicita traballo nun código pero si aparecen outros códigos similares.

Outro problema é a dificultade para codificar algunha ocupación, un exemplo claro son as contratacións que fan os concellos para a tempada de verán xa que en moitas ocasións contratan persoal como operarios de servizos múltiples ou para limpeza de praias, códigos que non existen no CNO co que cada concello á hora de realiza-la oferta de emprego no SPEG o fai por un código distinto. No caso exposto nos concellos da zona poden empregarse ata 4 códigos distintos (peón de industria manufactureira, en xeral; peón de obras públicas, en xeral; mozo de recollida de lixo – varredor; peón forestal).

De todo isto concluímos que o obxectivo da orientación segue a ser a mellor relación entre os recursos humanos e as necesidades do mercado laboral a través de mecanismos informativos e formativos que equilibren recursos e necesidades.